



PROPOSICIÓN SOBRE A COLABORACIÓN CO CUMPRIMENTO DAS DECISIÓNS XUDICIAIS, O RECOÑECEMENTO DO PAPEL DAS FORZAS DE SEGURIDADE DO ESTADO E A DEFENSA E PROTECCIÓN DA PROPIEDAD PRIVADA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cumprimento dunha resolución xudicial sobre a ocupación ilegal dun edificio na rúa Algalia de Arriba que se iniciou na mañá do martes, día 30 de maio de 2017, coa presenza das forzas de seguridade do Estado e coa participación de varios operarios que, seguindo o mandato legal, procederon a selar portas e ventás para impedir o acceso á propiedade, xerou diversas reaccións ao longo da xornada.

Por unha parte, membros do Goberno municipal e do partido que o sustenta realizaron declaracións cuestionando a resolución e a prudente actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado, poñendo en cuestión tamén o dereito á propiedade privada.

Posteriormente producíronse incidentes nas rúas que supuxeron unha grave alteración da orde pública, comprometendo a seguridade e a pacífica convivencia da veciñanza e causando lesións a diversos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado aos que cómpre expresarlles a solidariedade e o apoio no cumprimento do seu deber.

Ante o cúmulo de circunstancias que rodearon esta actuación, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago considera necesario que o conxunto da Corporación manfeste a súa posición ao respecto e exprese de forma unánime e inequívoca o seu apoio ás decisións xudiciais, a actuación das forzas de seguridade do Estado para asegurar o seu cumprimento e a defensa da propiedade privada.

En consecuencia, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, ante feitos acontecidos como consecuencia do cumprimento dunha resolución xudicial para restituír o dereito de propiedade nun edificio da rúa Algalia de Arriba, manfesta:

1. O máximo respecto polas decisións xudiciais e a necesidade de que a Administración local e, en xeral, os poderes públicos colaboren, en todo momento e por todos os medios, no seu cumprimento.

2. O recoñecemento e apoio ao papel das forzas de seguridade do Estado, incluída a Policía Local, como garantes dos valores constitucionais, do ordenamento xurídico, da seguridade cidadá, as liberdades públicas e das resolucións xurisdicionais, polo que deben ser merecedores da solidariedade e o apoio social e institucional no desempeño das súas funcións.
3. A defensa e protección da propiedade privada como dereito fundamental, cos únicos límites e restricións que fixa a Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2017



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular